

GAL

Outono

MUSEO DE PONTEVEDRA

DO 22 DE SETEMBRO AO 21 DE DECEMBRO DE 2025



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

EXPOSICIÓN TEMPORAIS

José Ruibal. Un escritor de centenario

Do 24 de outubro ao 18 de xaneiro

Mostra conmemorativa co gallo do centenario do escritor pontevedrés, que, como dramaturgo, foi un dos máis sinalados representantes do teatro de vangarda en España, no último terzo do século pasado, cunha traxectoria que gozou de especial recoñecemento nos Estados Unidos.

Comisario: Xosé Enrique Acuña

Leopoldo Varela, a forza da cor

Do 14 de novembro ao 11 de xaneiro

Exposición retrospectiva sobre Leopoldo Varela (O Porriño, 1927-Vigo, 2007), un pintor que emprendeu a súa propia viaxe cara á forza da cor, que se converteu no instrumento básico da súa pintura, sen preocuparlle perder o vínculo coa realidade.

Comisaria: Beatriz de San Ildefonso Rodríguez

Debuxar coa luz. A fotografía en Pontevedra no século XIX

Do 19 de decembro ao 5 de abril

Unha mostra para dar a coñecer a obra dos fotógrafos profesionais e afeccionados que traballaron entre 1843 e 1900 en Pontevedra, e que fai fincapé no valor patrimonial que en si mesmo encerra a fotografía decimonónica.

Comisarias: Cristina Echave Durán e Reis Camiña Castro

Infiltracións III. Marta Pazos. Dalia

Ata o 30 de novembro

Infiltracións é un proxecto para incorporar discursos contemporáneos ao Museo de Pontevedra coa creación de obras específicas que ofrezan novas lecturas sobre os seus fondos. A directora de escena e dramaturga Marta Pazos (Pontevedra, 1977) transforma o rexistro fotográfico das flores do xardín da súa avoa nun xardín vertical que inunda de cor a fachada do museo.

Comisario: Iñaki Martínez Antelo

PARA TODOS OS PÚBLICOS

OBRADOIROS

Obradoiros polo Día Europeo da Arte Rupestre

9 de outubro

Actividade dirixida a centros escolares.

Obradoiro de Cerámica para público adulto

Do 21 de outubro ao 14 de novembro, ás 16:30 h

Asorey, Castelao, Maside, Carlos Sobrino, Acuña ou Bonome foron algúns dos artistas que participaron nos deseños da Cerámica Celta. Conmemoramos o seu centenario con este obradoiro no que as persoas participantes modelarán, decorarán e colorearán as súas propias pezas cerámicas e no que poderán visitar as antigas fábricas en Pontecesures. Impartido por Teresa Pece.

CURSOS

Tirando do Fío: Modas Decimonónicas. Curso de historia, arte e moda

Todos os mércores do 22 de outubro ao 17 de decembro, ás 19:00 h

Carolina Munáiz imparte este curso en oito sesións de hora e media cada unha, no que se aproxima aos cambios históricos do século XIX, coma a Revolución francesa e a industrialización, e como se reflectiron na evolución dos valores do traxe europeo.

CONCERTOS

Cuarteto DeBiselas: *Merendola desconcertante*

Novembro

O cuarteto de frautas travesas formado por Sabela Galbán, Carlota Salgado, Valeria González e Bea Rodríguez ofrece unha proposta musical, dirixida a centros escolares, acompañada de petiscos literarios e visuais.

Xoán Montes ao piano

Mércores 15 de novembro, ás 19:00 h

Javier Ares Espiño, Jorge Briones Martínez e Pablo Diago Busto interpretan as composicións para piano de Xoán Montes, mostrando unha faceta pouco coñecida do compositor galego e revivindo o seu paso polos cafés concerto da cidade de Lugo.

Lucus Ensemble

Sábado 22 de novembro, ás 19:00 h

Trece músicos procedentes dos ámbitos do *jazz* e da música clásica forman este conxunto de música de cámara no que todos os temas do seu repertorio son composicións de integrantes da agrupación.

ESPECTÁCULO

Migallas Teatro: *Pegadas de Castelao*

Martes 18 e mércores 19 de novembro

Un espectáculo dirixido a público a partir de 6 anos que mestura teatro, monicreques, cantares de cego e música en directo para amosar as profundas pegadas que deixou Castelao na historia e na cultura de Galicia. Actividade dirixida a centros escolares.

CONMEMORACIÓN

Semana Lorquiana: homenaxe a Carlos Taboada

Do 11 ao 16 de novembro

A semana que cada ano o Museo dedica a lembrar as visitas de Federico García Lorca á cidade de Pontevedra serve nesta ocasión para recordar tamén o debuxante, escritor e divulgador Carlos Taboada, un dos impulsores desta actividade, tristemente falecido de forma prematura.

SEMINARIOS E CONFERENCIAS

SEMINARIOS

Volver a Ser Humanos. Seminario de clausura da 32.^a Bienal de Pontevedra

Do xoves 25 ao sábado 27 de setembro. UNED Pontevedra

Figuras do pensamento e da arte contemporánea con Rob Riemen, Ángela Molina Climent, Francesca Ferrando, Alberto Barreiro, Demetrio Paparoni, Miki Kratsman, Emily Jacir e Françoise Vergès reflexionan na sede da UNED en Pontevedra sobre o impacto da guerra no presente e o papel da arte, da memoria e do pensamento como elementos de resistencia, curación e esperanza.

José Ruibal no seu Centenario: Teatro, Poesía e Memoria

Martes 11 de novembro, ás 18:00 h, conferencias de Anne-Laure Feullaistre, Andrés Lima e Xosé Enrique Acuña

Xoves 13 de novembro, ás 19:00 h: *Espectáculo Ruibal. Poesía con Graciela Baquero e Miguel Ángel Cuña, actuación de Aveláña Teatro*

Seminario que lembra unha figura fundamental do teatro de vangarda. Na primeira xornada revisarase a súa figura e o teatro en España dos anos 80 á actualidade. Na segunda, recitaranse poemas en galego e castelán de Ruibal e representarase a súa peza *O rabo*.

CONFERENCIAS

“O Colectivo A Rula, un vínculo social coa arte rupestre”, Luis Leclerc Rodríguez

Xoves 9 de outubro, ás 19:00 h

Conmemoramos o Día Internacional da Arte Rupestre con esta conferencia na que o presidente do Colectivo A Rula expón as principais características do traballo desta asociación no eido da investigación, xestión e difusión do patrimonio rupestre galego.

Ap-arte. Charlas sobre a colección do Museo de Pontevedra (Monográficos Iacobus VII)

Martes 16 e mércores 17 de decembro

O Grupo de Investigación Iacobus (Proxectos e estudos sobre patrimonio cultural) da Universidade de Santiago de Compostela organiza un ciclo de conferencias no que, ao longo de dous días, distintas persoas presentarán novas perspectivas sobre obras incluídas na colección do museo.

XORNADAS

X Xornada de Onomástica Galega. Os Nomes do Mar

Sábado 4 de outubro, de 10:00 a 14:00 h e de 16:30 a 19:00 h

A Real Academia Galega organiza esta actividade de referencia no campo dos estudos dos nomes propios. O programa afondará na riqueza da microtoponimia das terras ribeiregas e mais nos nomes das áreas mergulladas, as realidades invisibles dos fondos mariños.

ENCUNTROS

IV Encontro de Museoloxía ICOM-España. Coleccións Almacenadas: (Re)definir e (Re)organizar

Do xoves 16 ao sábado 18 de outubro

Cita de carácter trienal que reúne representantes dos principais museos españois para debater sobre a súa realidade, tendencias e perspectivas de futuro. Nesta ocasión, o tema que se tratará será “O desafío da sostibilidade ambiental e social”.

XIV Encontro de Conservación e Restauración. O Cal no Patrimonio Cultural

Xoves 20 e venres 21 de novembro

A nova edición do encontro xuntará persoas expertas de España, México e Italia para abordar desde diferentes ángulos a presenza do cal no patrimonio histórico e artístico: a súa historia, as técnicas e oficios, o método do esgrafiado, o uso de morteiros, a conservación e restauración de pinturas murais e relevos escultóricos etc.

VISITAS GUIADAS

Á exposición permanente

Sábados, domingos e festivos, ás 12:00 h

Ás Ruínas de San Domingos

De martes a venres, ás 12:00 h (ata o 15 de outubro)

Ás salas de Castelao

O primeiro martes de cada mes, ás 18:00 h

Os martes 7 de outubro, 4 de novembro e 2 de decembro. Con reserva previa a través da web.

Toda a programación terá lugar nos edificios Castelao e Sarmiento e é de acceso libre sen reserva previa, salvo que se indique o contrario.

museo.depo.gal

+34 986 804 100 / educacion.museo@depo.gal

Depósito legal: PO 491-2025



museo.depo.gal



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA